

SOLICITUDE DE AER PARA A COMPARECENCIA DA CONCELEIRA DE FACENDO RESPECTO A AFIRMACIÓNS REALIZADAS NO PLENO DOS ORZAMENTOS

PLENO 5 XUÑO 2014. ACTA 8/2014

“Durante o pasado pleno extraordinario dos orzamentos, puidemos escoitar algunhas afirmacións, cando menos sorprendentes, feitas pola concelleira de Facenda, Ana Alonso, tales como que nos orzamentos do 2014 mantiñan “intactas” ou “idénticas” as bases do 2013, que cumpriron case o 100% das previsións de ingresos e que en caso de que se prorrogasen los orzamentos, perderíanse todas as subvencións nominativas como as de Lenda, Cáritas, Choco ou SAR.

Dende a Agrupación de Electores de Redondela, solicitamos a comparecencia da concelleira de Facenda para que explique os datos cos que conta para soste tales afirmacións.”

A concelleira ALONSO ALONSO resume a tramitación do orzamento de 2014. Sinala que o primeiro borrador fíxose o 13 de novembro e que xa en decembro lles facilitou os datos que pediron en relación aos ingresos e prestouse a reunirse con AER a fin de falar do tema, aínda que ao parecer non quixeron facelo. Tamén lles enviou as subvencións nominativas que non se aprobarían no caso de prorrogarse o orzamento. Explícalles graficamente que, de non aprobarse os orzamentos, non se podería dispor dos ingresos do plan Marisma.

O concelleiro BLANCO PÉREZ di que entende cómo se fan os presupostos e son conscientes de que hai que cadralos. Sinala que o importante é en qué se fai o gasto e por iso non aprobaron os orzamentos. Di que hai reparos que non se teñen en conta e detalla subvencións nominativas que se outorgaron no 2013 e foron pagadas moi tarde.

A concelleira ALONSO ALONSO di que no seu escrito din que se manteñen practicamente intactas as bases. Indica que saben que se prantexaran o incremento do 1% para os orzamentos participativos, non tería habido ningún problema. Sinala algunhas circunstancias que determinan a execución dos orzamentos. Dique non pediron información nin se reuniron con ela. Parécelle inxusto o tratamento que fixeron do tema nun folleto realizado e repartido por AER.